ANDAINAS CON AVELINO DÍAZ

RUTA ESCOLAR

3 km aprox. ● Ruta circular ● Fácil

Frondoso camiño de Casas Novas ao Alto da Arqueira.

SENDAS DE LETRAS, PALABRAS E LIBROS

A *Corporación de Antiguos Alumnos y Amigos de la Institución Libre de Enseñanza*, fundada en 1892 por influencia de Francisco Giner de los Ríos e os seus colaboradores máis achegados, tivo como obxecto dar cohesión aos seguidores da *Institución Libre de Enseñanza* (ILE), aproximar persoas afíns e colaborar nas actividades institucionistas. Despois dun longo paréntese obrigado, a Corporación retomou en 1978 as súas actividades, e actualmente continúa a súa labor con actividades como as Colonias de vacacións ou diversos proxectos culturais e educativos. Está presidida pola pedagoga institucionista Elvira Ontañón.

O proxecto "Sendas de letras, palabras e libros" nace co obxectivo de incentivar a lectura individual e compartida, así como fomentar a expresión literaria e a escritura. Baséase na teoría e na práctica institucionista da lectura infantil e xuvenil e desenvólvese en estreito contacto coa natureza, nun continuo diálogo entre o medio rural e o urbano.

Nel vencéllase a actividade física e a intelectual, a través de paseos, obradoiros e lecturas, conxugándose o traballo individual e o cooperativo, e sumándose múltiples colaboracións, como a que xurde neste paseo coa *Asociación Cultural Avelino Díaz*.

As actividades que compoñen o proxecto "Sendas de letras, palabras e libros" promoven a participación da poboación adulta xunto coa infantil e xuvenil, buscando un directo e efectivo intercambio interxeracional. Amais, nelas combínanse dous tipos de literatura española: a popular tradicional e a

contemporánea, conciliando nas dúas diversos xéneros, como a novela, a poesía, o teatro, os contos, os relatos e as cancións.

As saídas á natureza e o aproveitamento dos recursos da cidade forman unha das características esenciais da ILE dende a súa orixe. En cada paseo únense a cultura, o coñecemento e o progreso intelectual. A camiñada que se presenta aquí forma parte dos programas da ILE dedicados á Natureza, a Paisaxe e a Lectura, e está orientada ao fomento da lectura ao aire libre, valorando a natureza como fonte de inspiración e creación literaria, así como a contorna urbana como berce de infinitas novelas, relatos, poemas e lendas.

A RUTA ESCOLAR «ANDAINAS CON AVELINO DÍAZ»

A Asociación Cultural *Avelino Díaz* deseñou hai xa anos o Roteiro oficial dedicado á figura do noso autor. Esa ruta, duns 10 km, une a casa natal de Avelino na Travesa, na Órrea, coa casa onde viviu de mozo na Pena, en Meira, aínda que realmente dáse por rematado na Praza do Convento.

Con todo, desde hai anos tamén, víñase botando en falta a creación dunha ruta escolar que fixese posible que as numerosas visitas escolares a Meira e aos seus arredores puidesen camiñar tamén na honra de Avelino cunha distancia razoable, tanto pola súa dificultade como polo tempo a empregar.

Así foi como naceu a idea do deseño da ruta "Andainas con Avelino Díaz" que, basicamente, intenta unir nos arredores de Meira lugares importantes, ben para a propia vida de Avelino, para comprendela e interpretala, ben para a súa obra. Trátase de sitios concretos nos que se ten constancia que pasou parte da súa mocidade ou doutros que cantou nos seus poemas.

A ruta transcorre polos arredores de Meira, circunstancia que a converte en apta para todo tipo de expedicións escolares, máxime se se ten en conta que é practicamente chaira, de fácil acceso, pouco transitada polos automóbiles e cunha dificultade mínima.

Foi a realización dun proxecto de colaboración entre a Asociación Cultural *Avelino Díaz* e a Fundación *Giner de los Ríos* – Institución Libre de Enseñanza, concretada en xuño de 2021, a que provocou que a idea da ruta escolar "Andainas con Avelino Díaz", longamente planificada, tomase a súa forma definitiva.

AVELINO DÍAZ

Avelino Díaz Díaz naceu no lugar da Travesa, na parroquia da Órrea, concello de Riotorto, na comarca da Terra de Miranda, o 14 de novembro de 1897. Fillo natural de Antonia Díaz e de Manuel María García Castro, criouse coa súa nai e cos seus avós na casa familiar da Travesa, lugar no que residiron ata que Avelino cumpriu os dez anos, momento en que nai e fillo trasladaron a súa residencia á localidade da Pena, a unha casa pola que transcorre esta ruta.

En 1910, con só 12 anos, emigrou a Buenos Aires, aínda que regresou en 1916. Exerceu como *mestre de ferrado* en tres aldeas da contorna e mesmo tomou parte no fenómeno tan frecuente na época de emigración de tempada de moitos galegos para participar nas segas de Castela. En 1920, con 22 anos, colleu de novo o camiño da emigración, esta vez cara a Cuba, onde traballou cortando cana de azucre. Un ano despois, en 1921, marchou cara a Buenos Aires, cidade na que xa se asentou definitivamente e onde casou cunha moza de orixe navarra, Felisa Iduriaga, coa que tivo catro fillos.

Despois de desempeñar varios empregos, traballou a maior parte da súa vida como contable dunha moi sonada empresa leiteira chamada “La Martona”. Case cego e enfermo de alzhéimer, finou Avelino, aos 73 anos de idade, no Sanatorio do Centro Galego da capital porteña o 29 de marzo de 1971.

AVELINO, ACTIVISTA E XORNALISTA

Avelino é un home humilde, loitador e esforzado autodidacta que se fixo a si mesmo. Cando emigrou por primeira vez tería unha instrución mínima. Foi, grazas ao seu esforzo, ao seu afán por aprender e á súa afección á lectura como acadou unha fonda formación intelectual. Ademais da súa faceta estritamente literaria, existen na personalidade de Avelino outros dous aspectos non menos importantes, que son a súa dimensión de activista e a de xornalista.

Como activista, o poeta nacido na Órrea traballou arreo na actividade asociativa a prol da comunidade emigrante, tratando de manter viva entre os seus membros a chama da Terra e facendo dese compromiso con Galicia a paixón da súa vida. Na súa actividade xornalística, cómpre destacar a súa colaboración na prensa escrita, en periódicos e revistas, tales como *El Despertar Gallego*, voceiro da Federación das Sociedades Galegas, a revista *Céltiga,* o xornal *Galicia,* a revista *Verba. Revista oral e mural en galego.* Tamén realiza publicacións noutros xornais, como *Opinión Gallega, A Fouce...* e en revistas, como *Alborada, Compostela, Betanzos...*

Merece tamén mención a súa faceta de orador e conferenciante, existindo documentación da súa intervención en mitins de repudio ao fascismo español, de campañas políticas da *Unión Gallega* e de conferencias pronunciadas sobre a emigración ou sobre a vida e a obra de persoeiros tales como Alonso Ríos, Rosalía de Castro, Pardo de Cela, etc.

AVELINO, O POETA DE MEIRA

Con este apelativo era coñecido Avelino no mundo literario da colectividade galega da cidade porteña. Foi Avelino autor dunha prolixa produción poética; entre obra publicada e inédita

–parte dela lamentablemente non localizada ou desaparecida– totaliza uns 1178 poemas, aínda que unicamente editou catro libros: *Debezos*, *Pallaregas*, *11 poemas a Castelao* e *Flor de remata*, os tres primeiros en galego e o cuarto en castelán.

Da súa autoría é, como queda dito, o primeiro libro de poemas importante da posguerra, *Debezos*, publicado o 4 de xullo de 1947. Aparece dedicado *A todos os galegos que en Galicia, e fóra dela, loitan pola súa liberdade*.

A ASOCIACIÓN CULTURAL AVELINO DÍAZ

O 31 de xaneiro de 2014, un colectivo moi diverso integrado por persoas a nivel meramente individual, por representantes dos concellos de Meira e Riotorto, e por colectivos e asociacións de todo tipo, decidiron unirse para refundar a Asociación Cultural *Avelino Díaz*.

Dende entón este colectivo, no que ademais dos socios individuais están integradas na actualidade unhas corenta institucións, asociacións, grupos musicais..., traballou arreo nese cometido, conseguindo que, polo menos, o nome de Avelino Díaz lles resulte familiar á maioría dos galegos, creando seis áreas de actuación –educativa e cultural, musical e de imaxe, accións académicas, accións institucionais, dinámica asociativa, arquitectónica e artística–, cada unha delas con múltiples actividades desenvolvidas ao longo deste período.

AVELINO DÍAZ PARA OS NENOS E NENAS, PARA OS MOZOS E MOZAS

O emigrante que deixa a súa terra aínda novo conserva case sempre a perspectiva de neno a respecto dela. Avelino fai referencia constantemente ao seu desexo de volver, pero faino a partir da descrición polo miúdo da paisaxe e das formas de vida

da Órrea e de Meira. En innumerables poemas atopamos referencias explícitas á paisaxe, ás tradicións, aos xogos, á escola, ás formas de vida... e mesmo aos amores, dunha ou doutra maneira ambientados no lugar onde pasou os seus primeiros anos.

A maior parte deses poemas sitúan o neno na Terra, en perfecta sintonía coa paisaxe física e humana na que Avelino viviu os primeiros anos, anos que aparecen intimamente ligado á figura de súa mai, estrañada na distancia e que, despois da súa segunda partida, o noso autor nunca máis volvería ver. Neste sentido, unha das composicións máis emblemáticas é, sen dúbida, "Nai chorosa".

NAI CHOROSA

¡Ai como se foi meu fillo
polos carreiros do mar
e como, triste, quedei na aldea
o meu delor a chorar!

¡Erguede muros nas praias,
pechade as portas do lar
pra que non poidan fuxir por elas
os que pensan emigrar!

¡Pró alén dos mares
meu fillo marchou,
pasaron os anos
e xamais voltou!

¡Perdín miña xoia
perdín meu amor,
e agora xa non vexo
nin lúa nin sol!

¡Ai!
¡Ai como se chantan

no meu corazón
as espiñas feras
do fero delor!

(*Debezos*, 1947)

Avelino dedica un conxunto de poemas, directamente, á descrición do neno, da nena, galegos. O máis coñecido posiblemente sexa o titulado "Neniño labrego", pero sucede tamén, por exemplo, co titulado "O neno".

O NENO

O NENO ten as gracias namorosas
e é un Deus anovado, Deus pequeno
que pode, sin parolas nin aceno,
as cruezas e a fel trocar azosas.

O neno sempre ten mui asallosas
retesías dun Deus. Ele é o neno.
A lei súa dispón a gusto pleno
e reverencias clama, relixiosas.

O neno, sempre grado Deus noviño,
ás vontades impón o seu domiño
e obediencia requer ó seu mandato.

Somentes lle decai o valimento,
perdendo xerarquía nun momento
se lle dicen: "Acouga. Ven o rato".

(*Pallaregas*, 1963)

Outro certo número de poemas está dedicado á descrición, dunha ou doutra maneira, da actividade escolar e dos seus protagonistas

CANZÓN DE LÚA E SOL

LEMBRANZA do pasado,
canzón de lúa e sol.
Do peito na gaiola
un xílgaro cantou.

A me aledar viñeche
lembranza do que foi
e estrelecido orballo
a alma me mollou.

Da nai amorosiña
os bicos i-arrou-rou,
arrandear do bercio,
e os contos do avó.

Escola: Silabario,
Astete e o Catón,
historias dos xudeus
e a xostra do mentor.

Os prados verdescentes,
o milleiral en frol,
as vacas no lindeiro
e o neno de pastor.

Amoras das silveiras,
meleiras de abellón,
os niños dos paxaros
e troitas en gambós (...)

(*Debezos*, 1947)

Nalgúns poemas soltos descríbense tamén os xogos da infancia, como sucede, por exemplo, co titulado “Lilalos” .

LILALOS

MEUS primeiros lilalos de neniño
non viñeron da tenda nin da feira;
topeinos a medrar na ramalleira
dun carballo, da miña cas veciño.

Foron ladras e concos. Paseniño
xuntei abondos deles na monteira
e xoguei leidozoso, con senlleira
simpreza e emoción dun picariño.

Tiven outro lilalo, e foi un día
que fixen con inxel artesanía,
de cacholos de nabos un carriño.

Despois tiven amor ós carballales
e gardei gratitude prós nabales
porque, neles, topei un bon padriño.

(Freire[1], p. 198)

Finalmente, non debe ser esquecido que Avelino é compositor tamén de cantigas de berce, de nanas, por simple capacidade creativa as máis das veces, seguramente, pero tamén para cantárllelas aos seus catro fillos, Avelino, Alfredo, Armando e Alberto.

CANZÓN DE BERCE

VENTE soniño dos nenos,
sono doce, sono brando,
que meu neniño, chorando,
agardando está por ti.

Ven, sono dos anxeliños,
que meu neniño, acougado,
hase ver máis enfeitado
co seu dormente surrir.

Ven axiña sono brando
que muito tardas en vir
e o neno quere durmir.

Estou o berce abalando
teimando que veñas ti
e non queres acudir.

Adormece meu neniño
laralalá,
no teu berce caladiño
durme xa.

Se dorme meu amorciño
laralalá
heille dar muitos biquiños
pola mañá.

Laralalá,
laralalá

(Freire[2], p. 193)

1 y 2. Freire Freire, Marivel (2002). *Avelino Díaz: Unha voz comprometida na Galicia emigrante*. Lugo, Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego.

Praza do Concello e Igrexa-Mosteiro de Santa María de Meira. ● Cartel de inicio do “Roteiro Avelino Díaz”. Lugar da Veigadhorta (A Veiga da Horta). ● Chanto tallado por Manolo Pardo xunto á casa de Avelino, na Pena. ● Camiño de baixada á Fonte da Valiña ou dos Frades.

Contorna da Fonte da Valiña ou dos Frades. • Capela de Paredes, baixo a advocación do Santo Isidro • Baixada á Fonte de Paredes. • Árbores centenarias na Casa San Pedriño.

PARADA

1

PRAZA MAIOR

Fonte da Praza Maior de Meira.
A base é a orixinal de 1920.

Partimos do centro de Meira, xunto á fonte da praza, construída de novo en 2014 logo da súa destrución por accidente. A fonte orixinal informaba sobre os detalles da súa construción: "Esta traída de aguas se consiguió representando a Meira en Cortes, don Ramón Bustelo González, año 1920". O 16 de agosto de 2014, durante as *Festas do 15*, un incidente provocado polo camión dunha das orquestras "engancha un cable eléctrico, provoca a caída dunha farola e o impacto desta na fonte", segundo o atestado levantado. A fonte orixinal non puido ser reparada.

Avelino reflicte no poema "Verbas a un cruceiro" a polémica xurdida, xustamente, pola instalación da fonte orixinal, desterrando o cruceiro que presidía ata entón a praza, ao cemiterio de San Roque. O cruceiro existiu no lugar do hipotético triángulo formado polo quiosco Bar Centro, o antigo palco da música –desaparecido– e a fonte actual. Parece ser que foi retirado no 1914 cando se fixo o *Paseo central* para ampliar o campo da feira na zona que hoxe ocupan as pitas, os coellos, os xamóns... na feira quincenal.

VERBAS A UN CRUCEIRO

ESTABAS no meio do campo da feira.
En tempos lonxanos puñéronte alí
por simbro de amores os frades de Meira
que humildes rezaban ó rente de ti.

Fuxían os días, corrían os anos,
cinguíate a neve, a auga e o ar,
ouvías dos frades os pregos cristianos
e ollabas as xentes o ir e voltar.

Nas noites caladas a lúa prateada
traguíache un craro regueiro de luz
e os ledos rapaces, ó vir da ruada,
facían o siño sinxelo da cruz.

Na praza da feira tan outo que estabas
olleite, ás vegadas, no inverno e no vran
coidando que, en nome de Deus, benzoabas
as xentes, as bestas, os froitos e o chan.

Inda oxe me lembro, pois foi cuase onte,
que uns homes aleives en troques quixeron
levarte a San Roque, pra pór unha fonte
no sito en que estabas; que mal o faceron.

Agora non teñen os probes labregos
que veñen á feira con froitos e gando
ninguén que os benzoe e escoite seus pregos
cando eles se atopan vendendo e mercando.

Doídos, ás portas do gran cimeterio,
topádesvos hoxe, San Roque e ti xuntos,
gardando a tristura e o fondo misterio
do fondo e doído dormir dos defuntos.

Eu, lonxe da terra que vivo lembrando,
pois dela arrincoume da vida o nordés,
cinguido de angurias desexo, pra cando
a morte me veña, durmir ós teus pés.

(Poema publicado no *Almanaque Gallego* editado pola revista *Céltiga*. Buenos Aires, 1929)

PARADA

2

PRAZA DO CONCELLO

Praza do Concello e Igrexa-Mosteiro de Santa María de Meira.

Dirixímonos á praza da igrexa de Santa María de Meira, tamén chamada Praza do Concello.

MEDO

TIVEN polo mundo adiante
moito medo a me perder
e, cando me tope en Meira,
non terei medo a morrer

(*Debezos*, 1947)

A fundación do mosteiro de Santa María de Meira data do século XII. No ano 1143 o rei de León Alfonso VII, alcumado o Emperador, entregou as terras de Meira aos Condes de Sarria, que decidiron cedelas á Orde do Císter, que estaba en plena expansión por España e por Europa. O lugar era ben axeitado para a fundación que, de acordo a súa máxima de *ora et labora*, procuraba lugares produtivos e apartados das poboacións para que os monxes puidesen dedicarse ao rezo e ao traballo.

A Orde enviou dende a Abadía de Claraval –Clairvaux, en francés–, en Francia, doce monxes e o abade Vidal co encargo de fundar un convento, establecéndose así en Meira a 43ª filial da Orde do Císter. É posible que antes de que se establecesen en Meira os monxes cistercienses xa existise un pequeno mosteiro beneditino. A construción do mosteiro debeu ser moi laboriosa, sobre todo polo carrexo dos materiais, xa que todo o complexo estaba edificado con pedra de granito e a base xeolóxica da zona é de lousa. A lenda di que toda a pedra veu en carros de bois de terras de Friol, concretamente da parroquia de Cotá, localidade que dista de Meira máis de 40 quilómetros, aínda que non está probado que fose así.

No ano 1503 o mosteiro de Santa María de Meira uniuse á Congregación de Castela, iniciando así o período do seu máximo

esplendor, xa que foi cando se creou o Colexio de Filosofía e Letras, que, xunto co de Montederramo na provincia de Ourense, foron os dous únicos existentes en Galicia. Esta facultade funcionou dende o século XVI ata a Desamortización de Mendizábal no século XIX, cunha breve interrupción durante a invasión napoleónica, época na que as tropas francesas tamén ocuparon as instalacións do mosteiro, usando a planta baixa como cortes para os cabalos e a alta como hospital.

Expulsadas as tropas napoleónicas, os frades recuperaron o control do mosteiro, tendo que dispersarse durante o chamado Trienio Liberal (1820-1823). Finalmente, acabaron abandonándoo definitivamente no ano 1835, froito da Desamortización de Mendizábal. No ano 1845 o mosteiro, en estado ruinoso, foi entregado ao Concello de Meira. Aínda hoxe, na vila, existen casas que utilizaron para a súa construción pedras das ruínas do convento. Na actualidade, do antigo mosteiro de Santa María de Meira soamente se conserva a igrexa, o edificio no que se atopa o Concello e unha parte do claustro renacentista.

A igrexa, convertida co paso do tempo en templo parroquial, en realidade foi concibida para uso exclusivo dos monxes. A súa estrutura é de cruz latina e ten tres naves. A decoración do interior, tanto na estrutura como nos capiteis, é moi austera e escasa, exclusivamente de formas xeométricas e vexetais. Os retablos tamén son moi posteriores á súa construción, porque ata o século XV a decoración nos edificios cistercienses está prohibida.

PARADA

3

A VEIGADHORTA (A VEIGA DA HORTA)

Cartel de inicio do “Roteiro Avelino Díaz”.
Lugar da Veigadhorta –A Veiga da Horta–.

Continuamos andaina a carón da igrexa ata cruzar o río Miño pola ponte da *Veigadhorta* –A Veiga da Horta–, lugar no que se atopaba unha parte da horta do mosteiro. Ao cruzala, tomaremos a estrada á esquerda para dirixirnos cara ao lugar da Pena.

MEIRA

O GURGULLANTE e craro Miño,
na serra encomezando súa carreira,
vai bicando o belido chan de Meira
ó seguir, cara ó mar, o seu camiño.

A vila, branca pomba que ten niño
no xardín arumoso da ribeira
frolecida –perenne primaveira--
asemella de ceio un anaquiño.

E dos ollos ledicia, así enxoiada
e feiticeira vila, coroada
polo vello campario do mosteiro.

Dálle a serra seu marco de grandeza
E avalora, na praza, a súa nobreza
a maxestá sinxela dun cruceiro.

(*Debezos*, 1947)

RÍO MIÑO

¿QUEN dixo, craro río Miño
que naces en Fumiñá
se, xunta Monterredondo,
xa pasas feito un rapaz?

¡Se xa, na Ponte de Meira
semellas ser un lanzal

mozo, que canta cantigas
e ó lonxe vai troulear!

Eu sei que, sendo inda neno,
cando escoitas as campás
de Meira, na Veiga d'Horta,
adeprendes a rezar (...)

(*Debezos*, 1947)

Neste punto iníciase tamén o "Roteiro Avelino Díaz", a ruta que une a casa natal de Avelino, no lugar da Travesa –parroquia de Santa Comba da Órrea, no concello de Riotorto, plenamente xa na comarca da Terra de Miranda– coa casa na que viviu de pícaro na lugar da Pena. Esta ruta remata, realmente, na Praza do Concello de Meira.

PARADA

4

A CASA DE AVELINO NA PENA

Casa de Avelino na Pena.

Continuamos pola estrada ata chegar ao cruce da Pena co lugar das Casas Novas. Seguimos á fronte, sen desviarnos, ata atopar a cruz –o *cruceiro*– situada fronte á casa na que Avelino pasou os anos da nenez e da primeira mocidade. O noso poeta viviu na Órrea, no seo dunha familia labrega moi humilde, ata os dez anos, cando nai e fillo trasladaron a súa residencia a esta casa.

O escultor Manolo Pardo –meirego de pleno dereito, aínda que natural do emblemático lugar dos Vaos, na Ribeira de Piquín– crea un *chanto* cada ano, coincidindo coa celebración do roteiro oficial entre A Órrea e Meira, de tal maneira que a ruta está demarcada por cada unha destas creacións súas. A carón da casa de Avelino podemos contemplar un deses *chantos*, inspirado, como todos os demais, na vida e na obra do poeta.

ROMANCE DAS SETE CASAS

SETE casas tiña o pobo
sete casiñas lanzals;
era unha soila familia
vivindo naquel lugar.

Eran ditosas as xentes
nunha feliz irmandá;
non sentían desacougos,
adicábanse a labrar
as terras, gardar os eidos
co anceio de mellorar
decote as sagras herdencias
que lles deixaran seus pais.

Sete casas tiña o pobo,
sete casiñas lanzals
onde o vivir refrexaba
compreta felicidá

Eran as sete colunas
dunha nacionalidá
que Natureza quixera
facer difrente das máis,
hastra na fala, e costumes
do seu vivir cotidián (...)

(*Debezos*, 1947)

FOGAR

GARABULLOS e toxos a queimarse no lume,
na garmalleira un pote onde ferve o xantar,
longaínzas e androllas penduradas no cume
do caínzo; unha dona, branco liño a fiar.

Un neno que lle proien os olliños co fume
namentras aconchega as muxicas do lar
e o falar amodiño, como quen di un queixume
dun velliño tulleito que se está a quentar.

Tras dos tizóns, sen medo a se queimar, o gato
Deitado, canta un grilo, metido no burato
que ten entre a quentura das pedras da lareira.

Inquedo pola nai, brúa un xato vermello,
mais logo, resignado, dentro do seu cortello,
come unha presa de herba que ten na cambeleira.

(*Debezos*, 1947)

PARADA

5

A FONTE DA VALIÑA… OU DOS FRADES

Camiño de baixada á Fonte da Valiña ou dos Frades.

A nosa camiñada prosegue pola esquerda da cruz, atendendo a indicación que pon “Cuartel”, continuando a estrada e, a uns 100 m, collendo á dereita guiándonos tamén pola mesma indicación. Á saída do grupo de casas collemos outra vez á dereita por unha pistiña de grava que nos levará ao camiño –seguindo sen desviarnos– e dende alí continuaremos ata acadarmos a Fonte da Valiña... ou Fonte dos Frades.

Fonte da Valiña é o nome que a veciñanza lle dá, pero Avelino cítaa como Fonte dos Frades. Puidese ser que fose o propio Avelino o creador deste nome, pero tamén é posible que se trate dunha denominación que se foi esquecendo pouco a pouco, sendo descoñecida, practicamente, nos nosos días.

A FONTE DOS FRADES

PRETO dunhos arbres,
por entre unhas penas
nace unha fontiña
gorgullante e leda
e dónanlle o nome de “ Fonte dos frades”
pola terra aquela.

Ó saír a auga
crara e cantareira,
vaise, paseniño
pola carballeira,
e mismo semella que se vai cantando
unha copra tenra.

As herbas e as frores
medran carón dela;
non vrau ten friaxe,
no inverno é tépeda
e o espello da fonte, polas noites craras
a lúa refrexa.

Atópase preto
do “ Zarro de Pértega”
Cando eu era neno
dixéronme as vellas
que os frades de Meira, nas noites caladas,
viñan xunto dela.

Alí, congregados
do regato á beira,
falaban de cousas
do ceio e da terra
e ó irse de volta, pra as celdas escuras
iban en ringleira.

Se, ó vir os rapaces
dalgunha espadela
ollaban os frades
ir pola carreira
fuxían dicindo “ esa é a Compaña,
Deus nos libre dela”

Desde entón a agora
as xentes de Meira
teñen na memoria
esta antiga lenda;
por elo lle chaman a “ Fonte dos frades”
á fontiña aquela.

E eu anque son vello
E os anos me pesan,
decote me lembro
que me deu, ás cheas,
unha mañá, cedo, pretiño da fonte
un bico a Sabela.

(*Debezos*, 1947)

PARADA

6

A CAPELA DO SANTO ISIDRO

Capela de Paredes, baixo a advocación do Santo Isidro

Continuamos pola estrada cara ao pico do lugar e capela de Paredes, lugar onde seguimos recto ata acadar a estrada que vén do Val da Cal, que collemos á man dereita para achegarnos á Capela do Santo Isidro, de planta rectangular. Podemos tamén contemplar unha casa grande, a Casa de Bravo ou de Casoa.

A Capela do Santo Isidro de Paredes foi inaugurada e bendicida o 15 de maio de 1882 por Frei Benito Haza, que exerceu de cura na parroquial de Meira desde o 22 de agosto de 1858 ata outubro de 1886. A Capela presenta a particularidade de ter a porta principal e única, orientada ao Leste, cando por norma igrexas e capelas téñena ao Oeste.

A advocación ao Santo Isidro talvez sexa por imitación do santo madrileño, pois un do seus milagres máis sinalados foi facer brotar auga nun páramo castelán durante unha grande seca. Aos pés da Capela, uns 100 m máis abaixo, mana a fonte de Paredes. Dado que a fonte estaba alí, non fixo falta "milagre", pero o que non ten explicación xeolóxica é a cantidade de auga que deita, pois a cunca da que procede –Os Xuncás e o Val da cal– é moi pequena. O Santo, á fin patrón dos labregos, tiña xa predicamento na comarca, e debeu parecer acaído naquel momento.

Arredor de 1890, na Casa do Bravo ou de Casoa aparece un *señor* –Pedro José de Neyra– como "dueño absoluto del manantial Fuente de Paredes". Polos anos 40 do século XX, as donas son as señoras de Bravo, que polos anos 70 venderon a casa á familia Casoa, actual propietaria.

AS XESTAS

¡Teño unha fonda tristura.
teño ganas de chorar!
Hoxe tiven desacougos
ó ver xestas neste chan.

¡Que relembros me viñeron,
que deseios de voltar
outra vez á terra miña
ver xesteiras e toxals!

¡Xesteiras de Santacomba,
codeseiras dos Xuncás,
queirogales de Candedo,
toxales do Valdacal!

¡Xesteiras de Santacomba,
silveirales de Lodás
fieiteiras de Paredes,
xungueiras de Fumiñá!

¡Ai, cousas da miña terra,
quen vos puidera mirar!
¡Ai, tempos que se me foron!
¡Galicia! ¡Que lonxe estás!

(*Debezos*, 1947)

PARADA

7

A FONTE DE PAREDES

Baixada á Fonte de Paredes.

Rodeamos a Casa de Casoa e baixamos por xunta os carballos cara á Fonte de Paredes, manancial importante, por cantidade de auga e situación, para surtir Meira. As súas augas son tan abundantes que, antes de seren canalizadas, movían un muíño propiedade das señoras de Bravo.

SABELIÑA!

Nun anoitecer de lúa,
meu doce amor, eu quixera
toparme contigo, sola,
na fontiña cantareira.
Quixera toparte sola
pra dicirche, miña estrela,
que teno sede na alma
e no corazón fogueira.

Mentres o pipelo
canta súa canzón
e as campás da Irexa
tocan a oración.
En tanto que o vento
marmula ó redor
eu direiche as penas
do meu corazón.

Se a auga do teu querer
¡ai Sabeliña!, me negas
mellor quero non toparte
na fontiña cantareira.
Mellor que á fonte non vaias
e que eu non te tope nela
se teu amor non ten auga
pra afogar as minas penas.

Entón, feito pingas,
quixera marchar
co ledo regato
camiño do mar.
Despois, en orballo,
xunto a ti voltar
en perlas brillantes
pra te coroar.

(*Debezos*, 1947)

MIÑA AMIGA

UNHA serán leda,
de sol requencida,
no medio do agro
topei miña amiga.

Por un carreiriño
chegou a fada linda;
os ollos dous soles,
na face surrisas.

Por un carreiriño
chegou a belida,
nunha man o pano,
noutra margaridas.

Polo carreiriño
veu amada miña;
no dengue abaloiros,
na mantela cintas.

No medio das leiras
todas froitecidas,

unha fada meiga
era miña amiga.

Un meigallo doce
nos centeus había,
que se randeaban
cunha lene brisa.

Do seo da terra
doce bafo viña
e, nos meus sentidos,
un tremor poñía.

O vento cantaba
entramentres iba
peiteando cabelos
das preñes espigas (...)

(*Pallaregas*, 1963)

PARADA

8

O LAVADOIRO DAS CASAS NOVAS

Casa de San Pedriño,
con apeiros agrícolas.

Continuamos o camiño e fixámonos nos teixos centenarios da Casa de San Pedriño. A casa conta con máis dun século de antigüidade e sempre se recorda con ese nome. Conserva os teixos centenarios e mantén os apeiros de labranza que se utilizaban na propia casa.

Baixamos polo camiño cara ao lugar das Casas Novas e cruzamos polas fermosas carballeiras que o rodean. Xa estamos no lavadoiro das Casas Novas. O lavadoiro foi construído nos anos 60 do século XX polo concello como un servizo público daquela fundamental nos núcleos rurais. Sérvese das escorrentías da fonte de Paredes, moi minguadas xa aquí precisamente por surtir de auga Meira.

Continuaremos á fronte en dirección a Meira, chegando ao punto de partida.

ZÉJEL

A Galicia lle hei cantar
con verbas de namorar

A Galicia cantarei,
o meu amor lle direi
e amante fidel serei.
En proba de ben amar
A Galicia lle hei cantar
con verbas de namorar

A Galicia, meu amor,
direi meu verso mellor
e serei seu trobador .
Preto e lonxe do seu lar
A Galicia lle hei cantar
con verbas de namorar

A Galicia lle hei querer
como a garrida muller
e amor grande lle hei de ter.
No seu mimoso falar
A Galicia lle hei cantar
con verbas de namorar

A Galicia teño lei,
parolas do amor que sei
pra ela prenunciarei.
Pra meu amor lle mostrar
A Galicia lle hei cantar
con verbas de namorar

De Galicia namorado
topareime ben pagado
se nela son enterrado.
Pra tal sorte recadar
A Galicia lle hei cantar
con verbas de namorar

(*Debezos*, 1947)

PRA TI

PRA ti falo, meu pobo, pra ti canto,
pra ti, o das seituras e o peixeiro,
sangue da miña sangue nun regueiro
de fondo sufrimento e de quebranto.

Carne da miña carne; co teu pranto
tamén bágoas eu verto de salseiro;
penso co teu pensar, azoso, alteiro,
sinto co teu sentir, afouto, santo.

Pra ti falo, meu pobo, con aqueles
que decote se precian de fideles
ó teu ser e á penuria que soportas.

Son contigo nos vezos e os pecados,
na virtude e arroutos, ben probados,
e alédame non ser das «almas mortas».

(*Pallaregas*, 1963)

www.poetaavelinodiaz.gal

Organizan

Corporación de
Antiguos Alumnos
y Amigos de la ILE

INSTITUCIÓN
LIBRE DE
ENSEÑANZA

Colaboran

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE
DIRECCIÓN GENERAL DEL LIBRO Y FOMENTO DE LA LECTURA

Avelino Díaz
ASOCIACIÓN CULTURAL

Fundación Sierra-Pambley

xuéramu

DEPUTACIÓN DE LUGO